



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Extracto da resolución de 02 de outubro de 2024 da alcaldía pola que se aproba a convocatoria pública de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a favor dos alumnos/traballadores do obradoiro dual de emprego “ARTABROEMPRENDE IV”**

**BDNS (Identif.): 789188**

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/789188>)

### **Primeiro. Beneficiarios.**

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no Obradoiro dual de emprego “Artabroemprende IV”, é dicir, que a actividade estea directamente relacionada coas especialidades de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” e “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos talleres duais de emprego e en postos de traballo ou ocupacións vinculados ás citadas especialidades. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas neste programa as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.

Non estar ao corrente no cumprimento dos obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

Ser sancionada, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 330.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Miño, que serán comprobadas de oficio.

A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable segundo o modelo do Anexo II.

#### **Segundo: Obxecto**

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria polo Concello de Miño para o exercicio 2024 dunhas axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador que remate con resultado de apto o Obradoiro dual de emprego “Artabroemprende IV” que se está a desenvolver actualmente nesta entidade no marco do financiamento concedido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego, coa finalidade de incentivar a contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo.

#### **Tercero. Bases reguladoras.**

De conformidade co establecido no artigo 17.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as bases reguladoras da presente convocatoria foron aprobadas polo Pleno desta Corporación no marco das Bases de execución do Orzamento municipal para o exercicio 2024, resultándolles de aplicación, polo tanto, o Título VI, bases 65ª e seguintes, publicadas no BOP do día 07 de xuño de 2024.

#### **Cuarto. Cuantía.**

As subvencións obxecto desta convocatoria financiaranse cun crédito total de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 241.2324.470.00 do orzamento xeral do Concello de Miño.

Número, cuantía y régimen de concurrencia de los incentivos.

O número máximo de contratos que se van subvencionar é de 8 contratos, 4 para cada unha das especialidades de “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” e “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes”. En caso de quedar subvencións sen conceder en algunha das especialidades, poderán concederse na outra especialidade.

Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concurrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

#### **Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Miño na forma que determina o artigo 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento administrativo común da Administracións Públicas, no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I, xunto coa seguinte documentación:

Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.

Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).

Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.

Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do Anexo III.

Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT ou documentación que acredite que as actividades da entidade estean directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro dual de emprego "Artabroem-prende IV".

Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do Anexo III.

Designación de conta bancaria, segundo o modelo do Anexo IV, ou certificado de conta bancaria.

**Sexto. Outros datos.**

A documentación a presentar así como o texto íntegro desta convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do concello de Miño:

<https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/>

Miño

3/10/2024

El alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2024/7020